

**PLAN
DE
IGUALDADE**

CEIP NAZARET

2020-21

Í N D I C E :

1. Por que traballar a coeducación na escola?.....	1
2. Marco legal.....	2
3. Obxectivos.....	3
4. Principios de actuación.....	6
5. Metodoloxía.....	7
6. Actividades.....	9
6.1. Actividades no Proxecto Educativo.....	9
6.2. Actividades no día a día.....	10
6.3. Actividades anuais.....	13
7. Seguimento e Avaliación.....	15

1. Introducción:

POR QUE TRABALLAR A COEDUCACIÓN NA ESCOLA?

- Porque o sistema educativo non é algo neutro, deberá proporcionar unha verdadeira igualdade de oportunidades e a escola debe ser unha institución activa na loita contra as desigualdades entre nenas e nenos.
- Porque o sexismo é un problema invisible, do que xeralmente non é consciente nin o alumnado nin o profesorado.
- Porque a práctica escolar debe deixar de ser reprodutora da orde social, onde vemos o reflexo da desigualdade que homes e mulleres sofren no seu día a día, e converterse en transformadora.

Tanto a educación como a escola son pezas fundamentais para o cambio, aínda que este non sexa un proceso fácil.

Porque para alcanzar un ensino realmente coeducativo hai que partir non só da igualdade dos individuos, ademais é necesario introducir no currículo escolar e nas relacións na aula un conxunto de saberes, actitudes e capacidades de mulleres que xunto coas dos homes contribuíron ao desenvolvemento da historia da humanidade e que estiveron ausentes deles.

Porque a violencia contra as mulleres pasou a considerarse como un problema social que require intervención pública. Ademais, nos últimos anos está a aumentar a violencia entre adolescentes. É necesario realizar a prevención de violencia desde os primeiros anos do neno e a nena, e como é habitual, para chegar á máxima poboación este debe realizarse desde os centros educativos de infantil e primaria. Entendendo que a prevención da violencia contra

as mulleres non pode ser unha actuación illada, debe ir unida a unha prevención da violencia xeral.

Durante o curso 2020-21, no noso centro, queremos prestar especial atención a dita coeducación atendendo ao modo de relacionarse entre si nenos e nenas, á forma en que conviven no ámbito escolar, familiar, etc. e á maneira de resolver situacións, froito de malentendidos ou falta de comunicación, propoñéndolles outras formas de resolución e de xestión dos seus conflitos baseadas na participación, no protagonismo das partes afectadas, na toma de decisións, na importancia de chegar a acordos e adoptar solucións pacíficas.

2. Marco legal.

- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Estatuto de Autonomía
- Constitución Española
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia
- O artigo 1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece como principio da educación “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre

homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”.

- No artigo 2 dise que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.
- https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/identidade_de_xenero_caderno_1.pdf.

3. Obxectivos xerais

Para o curso 2020-21 o noso obxectivo principal é: Desenvolver prácticas educativas que identifiquen os estereotipos sexistas existentes en diferentes ámbitos da Comunidade Escolar e da sociedade e que promovan a súa eliminación, de forma que favorezan en nenos e nenas un desenvolvemento persoal satisfactorio e unha convivencia pacífica e igualitaria con valores encamiñados á igualdade de oportunidades entre ambosos sexos e que se traslade ao resto da sociedade.

3.1.Obxectivos específicos:

A coeducación é importante para conseguir a transformación social que queremos na relación entre homes e mulleres, pero sabemos que é unha ardua tarefa e que require o seu tempo e formación. Por iso queremos propoñer para cada curso obxectivos concretos que conforme se vaian alcanzando e sobre todo se vaia

contando coa formación e participación da maioría das persoas que forman a comunidade educativa estes obxectivos iranse ampliando e aplicando en diferentes áreas educativas. Para este curso e sempre baseándonos na PDI deste ano “A Arte”:

- Promover no noso alumnado a adquisición de valores encamiñados á igualdade autentica entre mulleres e homes.
- Afrontar a nosa práctica diaria cunha actitude xusta, igualitaria, non discriminatoria e non sexista.
- Educar ás nenas e nenos para que compartan por igual a responsabilidade nas tarefas familiares e sociais.
- Sensibilizar ao colectivo de pais, nais e titores/titoras legais, cara ao rexeitamento dos prexuízos sexistas existentes.
- Detectar as actitudes sexistas que aínda prevalecen na escola e modificalas.
- Sensibilizar ao profesorado da necesidade de realizar cambios que permitan a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Axudar e ensinar á resolución de conflitos sen violencia.
- Desmitificar as tarefas femininas e /ou masculinas.
- Promover condicións escolares que favorezan prácticas educativas correctoras de estereotipos de dominación e dependencia.
- Facilitar un maior coñecemento das diferenzas entre nenos e nenas, homes e mulleres, que permita evitar e corrixir as discriminacións que daquelas se derivan.

- Revisar e actualizar a biblioteca que temos en materia de coeducación e crear unha videoteca sobre o tema aproveitando a dotación para bibliotecas inclusivas que recibiu o centro.
- Crear un espazo na web do centro onde se incluírá todo o referente ás actuacións do Plan de Igualdade.
- Desenvolver un banco de actividades teórico-prácticas que fomenten a igualdade entre nenos e nenas.
- Participar en campañas de coeducación organizadas polo Concello e outras entidades.
- Consolidar unha linguaxe escrita coeducativa en todos os documentos do centro: cartas e comunicados, carteleira, boletíns...
- Fomentar unha linguaxe oral no que se inclúan ambos os sexos e no que non haxa prexuízos sexistas á hora de nomear tarefas domésticas, profesións... e en xeral estereotipos que seguen inmersos na linguaxe cotiá.
- Facilitar a utilización igualitaria de espazos no recreo para nenos e nenas.

En primeiro lugar, elaboramos un Plan de igualdade, para reflectir os aspectos principais a ter en conta nas actuacións do centro, acompañado de materiais para facilitar o seu uso e seguimento ao persoal docente.

4. Principios de actuación

4.1. Uso da linguaxe inclusiva dentro e fora da aula.

Atopar guías sobre o uso da linguaxe non sexista, co fin de que poidan ser consultadas tanto polo persoal docente persoal administrativo e familias como polo alumnado para informar sobre as fórmulas lingüísticas para o uso correcto da linguaxe inclusiva.

4.2. Visibilización de mulleres

Sobre todo no deporte, tema deste ano.

Ao longo do curso desde infantil ata sexto de primaria irán coñecendo e traballando a contribución das mulleres na historia da humanidade e no deporte.

4.3. Uso non sexista do espazo común no centro. O Patio.

O uso do espazo común é un tema realmente importante xa que historicamente nenas e mulleres foron excluídas de espazos tradicionalmente ocupados por homes, e relegadas ao ámbito do privado.

5. Metodoloxía.

O enfoque metodolóxico deste Plan de Igualdade será globalizado, traballando en todo momento pola igualdade e o rexeitamento contra a discriminación por cuestión de sexos. Ademais, imos tratar este valor procurando o desenvolvemento das competencias clave que pretendemos conseguir co alumnado deste centro, facendo que este plan “percorra” toda a nosa programación.

O Plan de Igualdade traballarase desde a Educación Infantil (etapa na que aparecen as primeiras diferenzas e a “segregación por xénero”, que é unha clara preferencia dos nenos e as nenas para xogar cos seus iguais) ata o último curso de Educación Primaria para tratar de contrarrestar e cambiar algunhas condutas sexistas propias da nosa herdanza social, e imprimir nestas novas xeracións hábitos e condutas propias de persoas educadas na liberdade e no respecto mutuo.

Traballaremos actividades prácticas, colaborativas, lúdicas, activas e participativas, onde a aprendizaxe que os nenos e as nenas adquiren sexa significativa. Abordaremos esta tarefa partindo das propias experiencias do alumnado, da contorna máis inmediata que lles rodea, o fogar. Para iso imos favorecer a comunicación familia-escola e realizaremos actividades que se baseen na experiencia familiar, na convivencia que iso supón; para así podelo trasladar á vida en sociedade.

Os mestres e as mestras, ademais de coordinarse para intercambiar impresións, suxerencias e propostas, terían que impulsar e motivar aos alumnos e as alumnas, manter un clima de

harmonía e boas relacións, orientar, instruír, facilitar a toma de decisións e establecer criterios definidos de comportamentos e pautas de traballo.

A coeducación confórmase como un modo de traballar o currículo, non é unha materia illada ou engadida, senón un elemento esencial que debe estar presente en todo momento.

Nas etapas de Educación Infantil e Primaria debe priorizarse o ensino do bo uso do xogo e os xoguetes, o establecemento de relacións baseadas no respecto e a igualdade. Tamén se usarán contos, actividades de reflexión, vídeos, cartas e actividades significativas como gymkanas, marchas, etc.

Planificarase un grupo de actividades a desenvolver a medio e longo prazo, mentres que outras serán máis puntuais e irán encamiñadas á consecución duns obxectivos máis concretos. Ademais abordaremos actividades deseñadas para levar a cabo a nivel de todo o centro e outras estarán preparadas para o traballo diario ou semanal dentro das aulas.

A formulación deste plan parte dunha intervención a tres niveles curso, centro, familia. Durante o curso proporanse actividades adaptadas ao nivel psicoevolutivo do grupo de nenos e nenas ás que se dirixen, para que poidan desenvolver os contidos relacionados coa igualdade entre homes e mulleres, da maneira máis significativa posible.

Para o colexio proporanse actividades que impliquen a participación de todo o alumnado de maneira igualitaria e non discriminatoria. Preténdese unha actuación global no centro con

actuacións xeralizadas para toda a comunidade educativa, no que se englobarán as realizadas ao redor de datas emblemáticas.

A nivel persoal docente entregaráselle en distintos momentos do proceso de ensino–aprendizaxe liñas metodolóxicas que favorezan a igualdade entre todos os alumnos e alumnas. A nivel de familias, daráselle a coñecer as actividades que teñen lugar no colexio en relación coa coeducación. Os leitos de comunicación serán a páxina web do colexio, a información constante no Consello Escolar e diversas notas informativas para que haxa unha difusión e un contacto continuo cos pais e nais do noso alumnado.

6. Actividades.

6.1 No proxecto educativo.

- Revisar o Plan de Centro para eliminar del calquera linguaxe sexista que poida existir.
- Detectar e corrixir calquera uso de linguaxe sexista en documentos do centro, así como na cartelería, recursos e materiais didácticos.
- Facer cumprir o principio de paridade nos agrupamentos das clases.
- Incluír nas programacións didácticas a Igualdade na aula.
- Incluír na Formación ao Profesorado cursos relacionados coa Igualdade.

- Colaborar co Concello nas actividades relacionadas coa Igualdade.
- No Plan de Convivencia os alumnos/ as traballarán no exercicio da tolerancia e a liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia e prevención de conflitos, xunto coa resolución pacífica dos mesmos.
- Dentro do Plan de Orientación e Acción Titorial formaremos aos alumnos/ as no respecto dos dereitos fundamentais e na igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres

6.2 Actividades para desenvolver no día a día.

A continuación ofrécese unha lista de posibles actuacións (debido a que cada docente poderá incluír no seu traballo diario todo aquilo que lle sirva para tratar a coeducación e non estea recollido neste proxecto) a desenvolver na vida cotiá do centro e outras máis específicas para momentos puntuais de celebracións do centro.

- Potenciarase a participación equilibrada nos xogos de nenos e nenas, fomentando os grupos mixtos e o desenvolvemento tanto de xogos motrices e deportivos como doutros máis tranquilos.
- Vixiarase en que os espazos sexan ocupados de forma equitativa (tanto o patio como nas clases), sen acaparamento por parte de ningún sexo.

- Práctica de xogos populares e campionatos deportivos con agrupamentos heteroxéneos e participación de ambos sexos naqueles cun carácter estereotipado (infantil, primaria).
- Na “Semana do cine” as propostas dos títulos serán para todos os públicos e con contido coeducativo evitando a representación de roles sexistas nos personaxes masculinos e femininos.
- Visionado de películas e documentais onde se traten os aspectos máis relacionados coa coeducación (infantil, primaria). Exemplos:

O príncipe cinceto:

https://www.youtube.com/watch?v=suq_0NP_ObE

Hai algo máis aburrido que ser unha princesa rosa?:

<https://www.youtube.com/watch?v=tLQYQhiMI4A>

Os malos tratos sutís:

<https://www.youtube.com/watch?v=0y9zJ5J2bWA>

Nin un biquiño á forza

<https://www.youtube.com/watch?v=HoUQyo5p-5Q>

- Traballo de investigación sobre o contido machista de letras de cancións tanto actuais como pertencentes á tradición . A actividade poderíase ampliar cambiando as letras e creando as súas propias cancións (primaria).
- Biblioteca de aula. Lectura de libros ou artigos relacionados coa Igualdade entre Homes e Mulleres, evitando estereotipos.

- Ampliar a biblioteca do centro coa adquisición de libros coeducativos non sexistas: RECUNCHO DA IGUALDADE.

<https://www.infantilandia.es/565-libros-infantiles-coeducacion-igualdad>.

- Ter un banco de recursos (páxinas web) do profesorado con materiais para formación propia e con recursos variados para traballar na aula.

<http://www.lapelucadeluca.com/>

- Maletas viaxeiras: a Secretaría Xeral de Igualdade e a Rede de Formación disporán de maletas viaxeiras con publicacións de interese para traballar a temática da igualdade en infantil/primaria .

- Estudo dos medios de comunicación e a súa repercusión no mundo do deporte, dando máis importancia aos deportes masculinos que femininos.(primaria)

<https://www.educandoenigualdad.com/category/cultura-y-medios-de-comunicacion/>

6.3 Actividades anuais

25 de novembro: Día Internacional para a Eliminación da Violencia cara ás Mulleres.

- “Todo sobre a miña nai/avoa”, mural onde o alumnado pega unha foto das súas nais cunha breve descrición delas

na que destaquen as súas profesións, os seus gustos, os seus deportes favoritos.

Campaña en decembro/xaneiro:

- **Xoguetes si pero non sexistas e non violentos”.**

<http://juegosyjuguetesnosexistasnoviolentos.es/>

- Facer un decálogo de boa compra e usos dos xoguetes.
- Encaixar de forma cooperativa fotografías de xoguetes tradicionalmente asociados aos nenos para que se dean conta que poden xogar con eles ámbolos sexos.

30 de xaneiro: Día da Paz e a NON Violencia.

- , O alumnado coñecerá as accións de desobediencia civil e non violentas levadas a cabo por mulleres que recibiron o premio Nobel da Paz, Rigoberta Menchu, Malala, Wangari Maathai, Jane Addams, Teresa de Calcuta, Irena Sendler(nomeada).

O entroido

- Respetar a elección do disface do alumnado sen ter en conta os estereotipos marcados pola sociedade.

11 de febreiro: Día Internacional das mulleres e as nenas na ciencia.

<https://www.gciencia.com/ciencia/mulleres-de-ciencia-en-galicia/>

8 de marzo: Día Internacional das Mulleres:

- Exposición de homes e mulleres practicando o mesmo deporte.
- Listas de profesións que lles gustaría exercer e posterior posta en común.

23 de abril Día do libro

- Durante a celebración “ou aire libro”, facer lecturas colectivas coa colaboración das familias dun conto representativo da coeducación.

- <https://www.youtube.com/watch?v=GJzR69I-73I>

15 de maio: Día Internacional das Familias.

Día das letras galegas.

- Estudio de cantas mulleres escritoras foron homenaxeadas nas letras en proporción a homes.

<http://diadasletrasgalegas.galiciadigital.com/homenaxeados>

7. Seguimento e avaliación

Para conseguir os mellores resultados co desenvolvemento do Plan de Igualdade, vai levar a cabo unha avaliación continua que nos permitirá ver se os obxectivos expostos están a ser os axeitados e se as actividades propostas son as correctas para lograr os obxectivos propostos e así poder realizar as modificacións oportunas.

Valorarase o grao de implicación de cada un dos membros que compoñen a nosa Comunidade Educativa, así como a coordinación entre eles e o grao de aceptación das distintas propostas. Esta

avaliación continua complementarase cunha avaliación final onde se valoren os resultados obtidos,

as posibles melloras, erros cometidos, necesidades e grao de satisfacción coa experiencia.

Para todo iso, empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación:

- a) Revisión dos obxectivos e actividades expostas.
- b) Avaliación das actividades propostas: diagnóstico inicial, desenvolvemento e conclusións.
- c) Reunión de seguimento cos mestres e mestras.
- d) Memoria do Plan de Igualdade.